



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 9 de abril de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 9 de abril de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/04/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/1457

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Unión Fenosa Distribución SA** para dereitos de acometida da reformada Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 1.309,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213 (Expte. 248317110119).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1458

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, Mantemento e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Instalaciones Ecovila, S.L.** para a substitución de electrobomba circulatoria no Edificio Matosinhos (modelo WILO YONOS MAX 30/5), por un importe total de 1.355,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1459



Dáse conta de escrito presentado por D. Casimiro Estévez Martínez, en nome de **Xiabre Club Ciclista**, solicitando autorización para a celebración da XXIII Marcha Cicloturista Club Ciclista Lobeira, o día 10 de xuño de 2018, con saída, chegada e entrega de premios aos participantes dende Carril, así como a colaboración da Policía Local e Servizo de Protección Civil e a autorización para poder utilizar as instalacións de vestiarios e duchas do Pavillón Municipal de Carril e a cesión de palco, mesas e carpas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, facendo constar o seguinte:

- Dado que parte do percorrido se desenvolve por vías que non son de titularidade municipal deberán aportar as correspondentes autorizacións da Xefatura Provincial de Tráfico e Xunta de Galicia.
- Deberá contar cun seguro de responsabilidade civil e póliza de seguros de sinistros para todos os participantes da devandita actividade.
- Deberá poñerse en contacto co Servizo da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil aos efectos oportunos.

PRP2018/1460

Dáse conta do escrito presentado por D. Alvaro Carou García, en representación de **PSOE Vilagarcía**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza da II República o día 14 de abril de 2018, en horario de 12:30 a 13:30 horas, así como a cesión de unha carpa, e equipo de megafonía, con motivo da celebración do aniversario de conmemoración da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/1461

Visto o escrito de **D. Emilio Lozano Gómez**, solicitando autorización para realizar venda ambulante estacional de froita de tempada nos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2018 en O Rial (rotonda) e Carril (Mirador).

Dáse conta de informe do Xefe de Mercados, no que se indica que conta coa documentación necesaria para exercer a venda ambulante.

Vistos os informes emitidos, acórdase non conceder autorización para a venda en Carril e conceder autorización en precario en O Rial por tratarse de terreos privados, cumprindo cos requisitos seguintes:

- Se lle practicará no Servizo de Rendas, a correspondente liquidación por prezo público, que deberá aboar previamente á instalación.
- Se responsabilizará de que o produto cumpra as condicións hixienico-sanitarias e idoneidade para o consumo de acordo coa lexislación vixente, así como de que o vehículo de venda este, diariamente, en condicións de limpeza e desinfección para o exercicio da mesma.



- Responsabilizarse da limpeza do espazo público que poida afectarse, e unha vez rematada a actividade de venda deberá deixar a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Dar conta ao Servizo de Rendas e Policía Local.

PRP2018/1463

Dáse conta do escrito presentado por D. Daniel Ramil Díaz, Delegado Local en Vilagarcía de Arousa da **Asociación Provincial de Taxistas de Pontevedra Capital e Municipios da Provincia**, en contestación ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2018 en relación co mantemento da cabina telefónica situada en Rúa Conde Vellellano.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle a obrigatoriedade de todos os taxistas de manter o teléfono fixo ata o 31 de decembro de 2018, debendo contar a partir da citada data todos os titulares de licenzas co servizo de Radiotaxi/Teletaxi.

PRP2018/1464

Dáse conta do escrito presentado por Dona Angela Ansede Bueno, en representación de **Colexio San Francisco**, solicitando a colaboración municipal coa cesión de carpa, mesa e dúas cadeiras para colocar na Praza de Galicia, os días 7 e 14 de abril, en horario de 10:00 a 14:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/1465

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Carmen Abalo Núñez** no que realiza a favor do Concello unha cesión de terreo (55,45 m²) para ampliación do vial denominado Rúa San Martiño – Loenzo, na Parroquia de Rubiáns.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión do citado terreo para a finalidade indicada.

PRP2018/1523

Dáse conta do escrito presentado por D. David Abalo Paulos, en representación de **Peña Celtista de Vilagarcía Dani Abalo**, solicitando a colaboración municipal co financiamento dun autobús para desprazar aos xogadores de categorías base do Clube San Martín de Vilaxoán ao partido Celta-Sevilla, no Estadio de Balaídos.

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á **Empresa Pereira SL** o gasto correspondente á contratación dun autobús de 55 prazas, por un importe total de 302,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223, para o traslado dos nenos do Clube San



Martín de Vilaxoán para a súa asistencia ao partido de fútbol no Estadio Municipal de Balaídos, entre o Real Club Celta e o Sevilla Club de Fútbol, o día 7 de abril de 2018.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2018/1476

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2018, actualizadas ao primeiro trimestre (31 de marzo de 2018) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 375 empregados e un total de gasto de 2.574.908,30 € (retribucións e seguridade social), dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1433

Dáse conta do informe da Coordinadora dos Servizos Sociais para o nomeamento como funcionario/a interino/a dun/ha traballador/a social da Bolsa creada ao efecto, por acumulación de tarefas derivada da posta en marcha dos proxectos Depotermal e Depoaventura que precisan nalgúns casos de informe social.

Visto o informe do Negociado de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento por acumulación de tarefas e por prazo máximo de seis meses, dentro un período de doce meses, e en todo caso, mentres dure a situación de necesidade e urxencia que basea o nomeamento de funcionario/a interino/a no departamento de Servizos Sociais.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/1479

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización da “Campaña de Fomento da Lectura “A HORA DO CONTO”, consistente nunha serie de sesións de “contacontos” e actividades relacionadas co conto (xogos, cancións, etc) entre os escolares do municipio, por un importe máximo de 2.200,00 €, con cargo á partida 3321.22609.

Apróbase así mesmo o orzamento presentado por **Dona M^a Dolores Santos Bóveda**, cun prezo de 180 €/sesión e de 120 €/por segunda sesión, se houbera máis de unha por día, cun custe total aproximado de 1.980,00 €.

Así mesmo acórdase aprobar un gasto aproximado de 200,00 € en concepto de transporte, para posibles desprazamentos de alumnos de colexios que se atopan fóra do núcleo urbano.

PRP2018/1480

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15 de marzo de 2018 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 1^a relación, figurando no mesmo unha subvención ao Conservatorio



Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 18.181,00 € para “gastos de enerxía eléctrica e limpeza do Conservatorio Profesional de Música”, sendo o orzamento total de 19.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1481

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Música de Cámara e Viola a impartir pola Violinista Lea Henino, o día 24 de abril de 2018, no Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Sociedade Filarmónica de Vilagarcía, sen custe para o Centro e o Concello.

PRP2018/1502

Vista a proposta do Director da Escola de Música e con motivo da realización dunha xira de concertos didácticos polos Colexios de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Débora Fontenla Oliveira** para o subministro de dez camisetas serigrafiadas para os mestres da Escola de Música, por un importe total de 60,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2018/1482

Dáse conta da solicitude de **Dona M^a Pilar Piñeiro Buceta**, solicitando lle sexa concedida a baixa dos postos nº 93 e 94 da Praza do Peixe, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por motivos de xubilación.

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a baixa dos postos solicitada e proceder á súa baixa no Padrón de Mercados con efectos de 31 de marzo de 2018, de conformidade co establecido no Artigo 18, punto 1 do Regulamento Municipal de Mercados.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/1485

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia, reiterando o requirimento en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico na rúa Rodrigo de Mendoza no termino municipal de Vilagarcía de Arousa, concedendo o prazo dun mes, para acreditar perante a Augas de Galicia as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se tratou dun atasco puntual na rede, que se atopa corrixido, polo que se solicita o arquivo do expediente.

PRP2018/1486

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia en relación co trámite de audiencia do procedemento de revisión e actualización das zonas sensibles da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa designadas no ano 2013, na que figura como cod. masa de auga ES014MSPFES.014.MR.248.000.01.00, e zona sensible “Con”.



A Xunta de Goberno Local acorda comunicar a Augas de Galicia, que si ben figura “Con” como zona sensible, non aparece vinculada ao Concello de Vilagarcía de Arousa, debendo a zona sensible “Con” vincularse coa Ría de Arousa e co Concello de Vilagarcía de Arousa. Ademais de indicar a citada alegación sería procedente que estas zonas sensibles contasen por parte de Augas de Galicia cun plan de actuación elaborado e financiado pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente).

PRP2018/1487

Dáse conta do escrito de augas de Galicia comunicando a realización dun inventario e identificación dos vertidos existentes neste Concello e requirindo ao Concello á presentación ante Augas de Galicia no prazo de 15 días dun Plan de Actuación no que se detalla a orixe de todos os vertidos e as obras e actuacións que é preciso levar a cabo, incluíndo un cronograma para o inicio e remate das obras. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se está levando a cabo unha mellora na rede de saneamento e estacións de bombeo, coa finalidade de erradicar os verquidos, pero o prazo de 15 días é moi breve para fixar un plan de actuación cun cronograma, e tendo en conta que Vilagarcía de Arousa se atopa, según á información de Augas de Galicia, dentro das zonas sensibles da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, solicítase a Augas de Galicia a colaboración técnica e económica para a redacción e execución do plan de actuación requirido.

PRP2018/1488

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total estimado de 4.224,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/1511

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona M^a Montserrat Fajardo Pérez**, para o subministro de 25 exemplares do libro “Invisibles”, para a súa distribución na Biblioteca Municipal, axencias de lectura e bibliotecas escolares, por un importe total de 374,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/1489

Vista a solicitude de Dona M^a Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da **Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 27 de abril de 2018, en horario de 18:00 a 21:00 horas, para a celebración dunha Asemblea extraordinaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de



Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/1490

Vista a solicitude de D. Gumersindo Meijón Parreño, en representación de **Mulas Producións, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da do Salón García, o día 21 de abril de 2018, durante todo o día, con motivo da celebración dun concerto a cargo do “Marcos Cool & Stefamp Ronchi ás 21:00 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

O prezo da entrada é de 8 € en venda anticipada e de 10 € en taquilla, sendo a recadación para a entidade solicitante e a venda de entradas a través da canle Ticketea.com.

PRP2018/1491

Dáse conta da sinatura do contrato entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a entidade **PENTACIÓN SA** para a representación da obra de teatro “Heroes”, cun prezo de 3.630,00 € (IVE incluído) en concepto de caché e outro variable, que consistirá no 100% da taquilla dos ingresos obtidos pola venda de entradas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/1492

Dáse conta do expediente tramitado, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, para adxudicar o contrato de servizos para a Redacción de proxecto básico e de execución (incluído Estudo de Seguridade e Saúde), e da Dirección facultativa da obra “Humanización Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán” (Recuperación espazos públicos e impulso comercio de barrio), dividido en dous lotes.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o citado contrato á Empresa **Solido Estudio de Arquitectura SC**, de conformidade coa oferta presentada:

Lote 1: Redacción de proxecto básico e de execución (incluído Estudo de Seguridade E Saúde), por importe de 7.020,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.474,20 €, o que totaliza unha oferta de 8.494,20 € (IVE incluído).

Lote 2: Dirección facultativa da obra, por importe de 3.780,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 793,80 €, o que totaliza unha oferta de 4.573,80 € (IVE incluído).

PRP2018/1494



Dáse conta do Proxecto definitivo das obras de “Renovación Urbana do entorno de Matosinhos. 1ª Fase”, financiado con cargo ao superavit orzamentario do exercicio 2016, sendo autorizado o gasto por resolución de data 29 de decembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado proxecto definitivo, no que figuran os cambios introducidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, redactado polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes, cun orzamento (IVE incluído) de 321.706,86 € e que polo Departamento de Contratación se proceda á licitación do mesmo de conformidade coa nova Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017).

PRP2018/1495

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación a través da plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentación simplificada, para adxudicar o contrato de servizos denominado CT-03/2018-e “Realización dos traballos de continuidade da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Concello de Vilagarcía de Arousa, xa iniciados, ata a súa aprobación inicial”, cun orzamento de licitación de 72.600,00 € (IVE engadido), e do único licitador presentado:

Licitador	Oferta excluído (IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Mellora
Alfonso Botana, SL	56.950,00 €	11.959,50 €	68.909,50 €	Total de meses de redución do prazo total de execución do contrato: 6 meses.

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación fixados nos pregos que rexen a licitación, a clasificación das ofertas é a seguinte:

Licitador	Puntos oferta técnica	Puntos oferta económica	Puntos mellora	Total puntos
Alfonso Botana, SL	49	21	30	100

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato de servizos denominado “Realización dos traballos de continuidade da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Concello de Vilagarcía de Arousa, xa iniciados, ata a súa aprobación inicial” á entidade **Alfonso Botana, S.L.** polo importe total de 68.909,50 € (IVE incluído), e a mellora consistente na redución do prazo de execución do contrato en 6 meses, quedando o prazo total de redacción en 12 meses, xa que o prazo previsto no prego de condicións era de 18 meses, con cargo á partida orzamentaria 151.627.
- 2.- Nomear responsable do contrato a D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, Arquitecto Municipal.

PRP2018/1496

Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Eliseo Gestoso Mallo, en representación de **UTE AL CONSULTORÍA-BONA FIDE**, contra o acordo de adxudicación do contrato de Servizos denominado “SERVIZO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA LOCAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

Dáse conta do informe do Negociado de Contratación e Patrimonio seguinte:

ASUNTO: Recurso de reposición presentado por D. Eliseo Gestoso Mallo, e/r da UTE AL CONSULTORÍA-BONA FIDE, contra o acordo de adxudicación do contrato de servizos denominado “SERVIZO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA LOCAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA” (Expte. CT 47/2017-e)

INFORME:

A UTE recorrente impugna o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/12/2017, polo que se adxudica o referido contrato a favor da empresa Asesoramiento Tributario Local, S.L.

O acordo da Xunta de Goberno Local impugnado, pon fin á vía administrativa, de acordo co disposto no art. 114.1 c) da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O recorrente presenta o recurso con data 22/02/2018 (o acordo obxecto de recurso foille notificado o 22/01/2018), polo que o recurso de reposición está presentado en prazo, de acordo co disposto no art. 123 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



A UTE recorrente está lexitimada para a presentación do recurso, toda vez que, de acordo co disposto no art. 4 da Lei 39/2015, ostenta a condición de interesada por terse presentado á licitación.

A recorrente formula o seu recurso en base ós seguintes fundamentos:

1.- Non observancia do prazo establecido nos pregos para a formalización do contrato (fundamento 5º do recurso).

Indica que o prego de cláusulas administrativas particulares na súa cláusula 14 dispón: *“El contrato se formalizará en documento administrativo en la fecha que señale la Administración contratante, no antes de que transcurran quince días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación a los licitadores y candidatos, constituyendo este documento título suficiente para acceder a cualquier registro público”.*

“El órgano de contratación requerirá al adjudicatario para que formalice el contrato en plazo no superior a 5 días a contar desde el siguiente a aquel en que recibiera el requerimiento, una vez transcurrido el plazo de 15 días a que se hizo referencia en el párrafo anterior sin que se interpusiera recurso que lleve aparejada la suspensión de la formalización del contrato.”

Sinala que a o acordo da Xunta de Goberno Local está datado o 15/01/2018, anotado no rexistro de saída do Concello o 17/01/2018 e notificado á UTE o 22/01/2018, e que polo tanto o contrato non debeu formalizarse con anterioridade ó día 05/02/2018, con todo o contrato formalizouse o 19 de xaneiro, o cal lle supón un prexuízo porque recibiu a notificación cando o contrato xa estaba formalizado, pois de recibila antes interporía o recurso con anterioridade a dita data e tería solicitada como medida cautelar a suspensión da formalización do contrato. Continúa dicindo que dado que o feito de estar o contrato en execución, dificulta que en vía administrativa poida resolverse o contrato e retrotraer as actuacións.

Finalmente solicita a nulidade do acto de formalización do contrato, por prescindirse total e absolutamente do procedemento establecido de acordo co disposto polo art. 47 da Lei 39/2015.

Fronte ós argumentos da recorrente cabe sinalar o seguinte:

A versión do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCAP) que toma como referencia o recorrente para argumentar o seu motivo de impugnación é a redactada en castelán.

Esta versión en castelán é unha tradución errónea do PCAP en galego aprobado polo órgano de contratación. Na versión en galego, a cláusula 14 indica o seguinte: *“O contrato formalizarse en documento administrativo na data que sinale a Administración contratante, non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4 do TRLCSP, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público”.*

Existe polo tanto, unha discordancia entre o PCAP en galego aprobado polo órgano de contratación por resolución da Alcaldía de data 07/06/2017 e súa a tradución ó castelán (de feito, na plataforma de licitación electrónica da administración local de Galicia, o prego redactado en castelán denomínase “PCAP inspección tributaria-copia castellano.pdf”).

O órgano de contratación aprobou os pregos que rexen a licitación en idioma galego, en aplicación do disposto no art. 7 da lei 5/1997, de administración local de Galicia, que dispón o seguinte: *“1. O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.*

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, tales entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial, o castelán”.

A tradución ó castelán realízase coa finalidade de evitar posibles discriminacións lingüísticas e facilitar, deste xeito, a concorrncia ós licitadores.

O art. 156.3 do TRLCSP dispón: *“Si el contrato es susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme al artículo 40.1, la formalización no podrá efectuarse antes de que transcurran quince días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación a los licitadores y candidatos.*

El órgano de contratación requerirá al adjudicatario para que formalice el contrato en plazo no superior a cinco días a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, una vez transcurrido el plazo previsto en el párrafo anterior sin que se hubiera interpuesto recurso que lleve aparejada la suspensión de la formalización del contrato. De igual forma procederá cuando el órgano competente para la resolución del recurso hubiera levantado la suspensión.



En los restantes casos, la formalización del contrato deberá efectuarse no más tarde de los quince días hábiles siguientes a aquél en que se reciba la notificación de la adjudicación a los licitadores y candidatos en la forma prevista en el artículo 151.4.”

O prazo para a formalización do contrato que, por erro na tradución, figura na versión en castelán refírese a un contrato suxeito a regulación harmonizada e, polo tanto, susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ó disposto polo art. 40 do TRLCSP. Nembargantes, o contrato a que se refire o presente recurso non é un contrato suxeito a regulación harmonizada de acordo co disposto polo art. 16.1 b) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que o valor estimado do mesmo (144.000,00 €) non supera os límites contemplados no citado artigo e polo tanto, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

De feito, o recorrente presentou un recurso ordinario de reposición e non un recurso especial en materia de contratación, o cal pon de manifesto que considera que non cabe dito recurso de acordo co disposto no art. 40 do TRLCSP (o PCAP, na súa cláusula 28, tanto en versión en galego como en versión en castelán, contempla a posibilidade de presentar as dúas clases de recurso en función dos supostos que concorran).

En relación coa interpretación da cláusulas dos contratos, o art. 1285 do Código Civil dispón que *“Las cláusulas de los contratos deberán interpretarse las unas por las otras, atribuyendo a las dudosas el sentido que resulte del conjunto de todas”*.

Tendo isto en conta, se o contrato se formalizara de acordo co indicado na tradución ó castelán do PCAP, estaríase vulnerando o mandato contido no art. 156.3 do TRLCSP; nembargantes, se o contrato se formaliza de acordo co indicado na versión en galego do PCAP aprobada polo órgano de contratación, esta formalización axústase ó indicado no art. 156.3 antes citado, e o contrato obxecto do recurso foi formalizado consonte ó indicado na versión en galego.

Polo exposto, propónse a desestimación deste motivo de impugnación.

2.- Falta de motivación na valoración dun dos criterios de adxudicación (fundamento 6º do recurso).

Con respecto á falta de motivación na valoración dun dos criterios de adxudicación alegada no punto sexto do escrito de recurso, a ponderación dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor debe realizarse de forma previa e deixando constancia documental desto, de maneira que a última palabra sobre a ponderación de ofertas non se encomende ao xuízo sobre estes elementos que constitúen un xuízo de valor.

A valoración dos medios materias efectuouse previamente, para que o xuízo de valor non fose decisivo na ponderación; e considerando as ofertas no seu conxunto (xa se indicaba así no informe), e en particular, tendo en conta as aplicacións informáticas, os equipos destinados, os C.P.D. e a súa infraestrutura, segundo o asesoramento realizado polo Xefe de Informática do Concello.

Polo exposto, propónse a desestimación deste motivo de impugnación.

3.- Introdución de coeficientes de ponderación dos subcriterios non previstos nos pregos (fundamento 7º do recurso).

Por unha banda, no escrito faise mención ao feito de que en ningún lugar dos pregos se esixiu a documentación acreditativa da formación académica, titulacións e experiencia profesional de cada medio humano.

Sobre este particular, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares do contrato, na súa cláusula VI.3, indica que a acreditación da titulación académica e profesional e da experiencia laboral dos medios humanos que o licitador se compromete a adscribir á execución do presente contrato, realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

- Títulos académicos
- Currículo
- Certificado de entidades locais/empresas que acrediten a experiencia esixida na realización dos traballos prestados en materia de inspección tributaria, e que inclúa tanto o obxecto do contrato como as datas de execución do mesmo.

Por outra banda, apuntan que para a valoración dos medios humanos clasificouse o persoal en persoal directo e persoal de apoio e, dentro deste diferenciouse entre persoal interno e persoal externo, sen que esta clasificación estivese prevista directa nin indirectamente nos pregos.

En relación con este aspecto cabe facer as seguintes consideracións: en primeiro lugar non se estableceron novos subcriterios en ningún momento. A valoración de catro ofertas totalmente distintas e heteroxéneas entre si esixiu, para poder efectuar unha mínima comparación entre as mesmas,



homoxeneizar as ofertas. Polo tanto, non se asignou unha puntuación a cada titulación polo feito de que se tiveran establecido novos criterios, senón que unicamente se pretendeu unificar dalgunha maneira as ofertas presentadas. E, en segundo lugar, non están previstos nos pregos estes criterios de ordenación particular precisamente porque son subxectivos.

Os criterios utilizados para homoxeneizar as ofertas e poder facer unha valoración son criterios de comparación utilizados por quen efectuou a valoración técnica das ofertas, e como tales non teñen que ser adoptados polo órgano de contratación. Unicamente se facilitaron para xustificar a valoración realizada e dar maior transparencia ao proceso.

A recorrente alega que os subcriterios que indica, tiveron un efecto discriminatorio, pois beneficiaron a un licitador fronte ós demais. Efectivamente calquera valoración beneficia a un licitador fronte aos demais, pero iso non leva que sexa discriminatorio, se os criterios empregados son proporcionais e obxectivos. Neste caso en particular, a adxudicataria do contrato foi a que menos puntuación obtivo na valoración do equipo humano.

Polo exposto, propónse a desestimación deste motivo de impugnación.

4º.- A aplicación de tales subcriterios de adxudicación denota un proceder arbitrario e errático (fundamento 8º do recurso) e erros manifestos na valoración (fundamento 9º do recurso).

Tal e como se expuxo anteriormente non se estableceron novos criterios de valoración, senón unicamente se adoptou un criterio para homoxeneizar e comparar as ofertas. De feito, a fixación de novos criterios que alega o recorrente suporía a consideración dos mesmos como aspectos avaliábeis automaticamente, cando no prego de cláusulas administrativas particulares se establece como un criterio non avaliábel automaticamente, e polo tanto dependente dun xuízo de valor.

En relación ca aplicación de forma arbitraria ou errónea dos criterios no cadro incluído no informe de valoración das ofertas é preciso facer as seguintes aclaracións:

- As diferenzas de valoración entre licenciados en dereito dentro do persoal de apoio interno non son erróneas nin arbitrarias, senón que dependen da acreditación ou non da experiencia.
- Detectouse un erro no cadro, relativo á omisión de información, xa que non se indicou na casíña correspondente que acreditaban experiencia, aínda que a valoración numérica é correcta porque si se acreditaba dita experiencia.
- Nas valoracións efectuadas a D. Emilio Jesús Sancho Pérez e Dna. Ana Isabel Santa Cecilia existe unha errata no cadro que, neste caso, si afecta á valoración, de forma que a valoración definitiva do equipo humano é a que resulta do seguinte cadro:

OFERTA	PERSOAS DESTINADAS Á EXECUCIÓN DO CONTRATO (DISTINTAS DO PERSOAL MÍNIMO)									
	DIRECTO				APOIO					PTOS
		TIT. ACR.	EXPER. ACR.		INTERNO	EXPER. ACR.		EXTERNO		
ATL	Licenciado en Dereito	SI	NON	0,9	Enxeneiro técnico Licenciado ADE Licenciado CCEE	SI SI SI	0,8 0,8 0,8	Licenciado en Dereito Licenciado CCEE Enxeneiro Enxeneiro Arquitecto técnico Empresa aplic. Inform.	0,1 0,1 0,1 0,1 0,1 0,1	4,00
CGI	Licenciado en Dereito Licenciado en Economía Licenciado ADE	SI SI SI	SI SI NON	1,5 1,5 0,9	Licenciada CCEE Licenciado en Dereito Licenciado en Dereito Licenciado CC. Químicas		0,5 0,5 0,5 0,5			5,90
GTT	Licenciado en Dereito Licenciado en Dereito Licenciado ADE Licenciado en Dereito	SI SI SI SI	SI SI SI NON	1,5 1,5 1,5 0,9	Licenciado ADE Licenciado en Dereito Licenciado en Economía Arquitecto Licenciado en Dereito Licenciado en Dereito	SI SI SI	0,8 0,8 0,8 0,5 0,5 0,5			9,3
UTE	Licenciado ADE COU Licenciado CCEE Diplomado CCEmpr. Diplomado CCEmpr. Licenciado en Dereito Téc. Sup. Adm. Sist. Informát.	SI NON SI SI SI NON NON	SI NON SI SI SI NON NON	1,5 0,4 1,5 1,2 1,2 0,4 0,4						6,60

Doutra banda, examinado o Rexistro Xeral de Entrada do Concello, non consta que algunha das empresas que forman a UTE ou D. Carlos Louzán Porto, solicitaran certificado de que dita persoa



prestara servizos relacionados co obxecto do contrato, para o Concello de Vilagarcía de Arousa (o recorrente indica “teniendo intención de solicitar certificado, el mismo nos fue denegado....”).

A recorrente tamén indica que nun dos certificados presentados pola empresa ATL, constaba experiencia D. Sr. Louzán prestando servizos para o Concello de Vilagarcía de Arousa. Fronte a isto debe sinalarse, que a valoración das ofertas técnicas realízase para cada unha das ofertas dos licitadores individualmente considerada, sen trasladar datos dunhas ofertas a outras (nin a favor nin en contra). Polo tanto, a experiencia dese traballador non se valorou nin na oferta da empresa ATL nin na oferta da UTE, posto que para poder facelo, debería figurar como persoal a adscribir ó contrato na oferta do licitador correspondente e acreditar a experiencia en dita oferta.

Polo exposto, propónse a estimación parcial deste motivo de impugnación, unicamente na parte que se refire á valoración de D. Emilio Jesús Sancho Pérez e Dna. Ana Isabel Santa Cecilia.

6º.- Incumprimento das condicións esenciais de execución por parte do contratista (fundamento 10º do recurso).

Indica a entidade recorrente que, aínda que non se sinala nos pregos que rexen a licitación, o persoal mínimo esixido para a execución do contrato (1 persoa) deberá prestar os seus servizos a xornada completa e no mesmo horario de funcionamento das oficinas municipais (de 8 a 15 horas) e que polo tanto non podería estar traballando para o Concello de Vilagarcía de Arousa e prestando servizos a xornada completa para outra administración con idéntico ou similar horario de oficina.

Continúa indicando que a persoa designada, na oferta da empresa ATL (Asesoramento Tributario Local, S.L.), como persoal mínimo e coordinador para a interlocución co Concello de Vilagarcía de Arousa, é D. Lisardo Gálvez Álvarez; quen á súa vez está prestando servizos para a Deputación de Pontevedra nun contrato en materia de inspección de tributos adxudicado a ATL por acordo da Xunta de Goberno Local do organismo provincial de data 21/07/2017, con unha dedicación ó contrato do 100%.

En base a isto solicita a resolución do contrato por incumprimento dunha condición de execución do contrato de carácter esencial ó amparo do disposto polo art. 223 f do TRLCSP, xa que esta persoa non podería prestar os seus servizos para o Concello de Vilagarcía de Arousa ó estar prestándoos noutra administración.

Continúa dicindo que algo semellante ocorre co persoal de apoio que contempla ATL na súa oferta, pois as tres persoas que o integran (D. Luciano Rodríguez Arribas, Dona Belén García Dacosta e Dona Rosana Bouzón) están asignadas como xestores tributarios ó 100% de dedicación no contrato adxudicado pola Deputación de Pontevedra antes citado. Sinala ademais, que estas tres persoas teñen contratos, segundo a documentación obrante no expediente de contratación, de 32, 30 e 30 horas semanais, e que aínda que sexa persoal a tempo parcial, segundo o contrato da Deputación de Pontevedra, deben estar destinados ó 100% de dito contrato, polo que non resulta crible que poidan estar prestando os seus servizos tamén a xornada completa para outra administración local con idéntico ou similar horario de oficina.

Sobre as manifestacións realizadas pola entidade recorrente, procede facer as seguintes consideracións:

- O prazo para a presentación de ofertas na licitación convocada polo Concello de Vilagarcía de Arousa rematou o 12/07/2017, polo tanto, antes de que a Deputación Provincial de Pontevedra adxudicara o contrato indicado pola recorrente.

- É practica habitual que os operadores económicos presenten iguais ou similares equipos de traballo a diferentes licitacións convocadas simultaneamente ou con pouco marxe temporal entre unha e outra, porque non saben de antemán se van a resultar adxudicatarias ou non dalgún contrato.

- Os pregos que rexen a licitación (como ben indica a recorrente) en ningún punto indican que o contratista deba prestar os seus servizos a xornada completa, na casa consistorial de Vilagarcía de Arousa e en horario de 8 a 15 horas.

- Se ben o recorrente di que o anterior resulta obvio aínda que os pregos non o indiquen, tal afirmación queda desvirtuada polo disposto na cláusula IV do prego de prescricións técnicas particulares cando sinala:

“IV.- LUGAR DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E USO DE MEDIOS MATERIAIS.

A empresa contratista executará o contrato nas súas instalacións ou dependencias, agás que, excepcionalmente, sexa autorizada a prestar os seus servizos nas dependencias do Concello, coa finalidade de informar e asistir aos contribuíntes en relación cos expedientes de inspección tramitados.

Asemade, a empresa contratista deberá aportar os medios materiais, equipos e medios auxiliares necesarios para a prestación dos servizos obxecto do contrato.”



A excepción a que se refire a cláusula IV antes citada ven contemplada no Anexo VIII do prego de cláusulas administrativas particulares, cando prevé a posibilidade de que os licitadores oferten como mellora a atención ó público nas dependencias municipais durante un máximo de 4 horas á semana. E continúa dicindo, en relación con esta mellora, cal é a finalidade da mellora, as tarefas a realizar nesa atención ó público, que é obrigatorio que a empresa dote aos seus traballadores con distintivos que os identifiquen como pertencentes á mesma para realizar esa atención ó público e, na medida do posible realizárase nun espazo de traballo separado de aquel que ocupan os empregados públicos.

- Á vista das manifestacións do recorrente, da a impresión de que confunde un contrato administrativo no que se encomenda a unha empresa a prestación dun servizo con un contrato laboral.

O Concello contrata a prestación dun servizo (un resultado) a unha empresa (persoa xurídica neste caso) que para a súa realización necesita de persoas, pero o Concello non contrata ás persoas que realizan efectivamente os traballos obxecto do contrato, pois se así o quixera facer acudiría ós procedementos de selección de persoal legalmente establecidos.

- O prego de prescricións técnicas particulares contempla na cláusula VI.4 o seguinte: “*Substitución do persoal adscrito á prestación do servizo.*”

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo designado para a execución do contrato e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, co fin de non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento ó Concello.”

En idéntico sentido se pronuncia a cláusula 15.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

- A cláusula 16.8.4. e) do prego de cláusulas administrativas particulares dispón que entre as funcións do director/coordinador técnico do contrato está a de “*informar ó Concello acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato*”.

Isto pon de manifesto que a empresa contratista pode modificar a composición do equipo de traballo designado inicialmente, debendo ter en conta a tal efecto o disposto na cláusula 16.8.1 do prego de cláusulas administrativas particulares:

“ Selección do persoal.

Corresponde exclusivamente ó contratista a selección do persoal a adscribir á execución do contrato, sen perxuízo da verificación en calquera momento, por parte do Concello, de que o persoal seleccionado reúne os requisitos de titulación e experiencia esixidos no prego de prescricións técnicas particulares para executar os traballos obxecto do contrato e pode cumprir efectivamente o mesmo.”

Polo tanto, o feito de que o persoal adscrito inicialmente pola empresa adxudicataria á execución do contrato estea prestando servizo nun contrato que lle adxudicou a Deputación de Pontevedra, non implica que se estea a incumprir unha condición esencial de execución a que fai referencia o art. 223 f) do TRLCSP, posto que a empresa pode substituír ó persoal adscrito á prestación do servizo.

Por último, debe terse en conta, que o artigo 223 f) da lei de contratos do sector público di que: “*Son causas de resolución del contrato: f) el incumplimiento de las restantes obligaciones contractuales esenciales, calificadas como tales en los pliegos o en el contrato*”, pero nin os pregos que rexen a licitación nin o contrato cualifican como obriga contractual esencial o compromiso de adscrición de medios humanos ó contrato, polo tanto, non concorre a causa de resolución invocada pola entidade recorrente.

En base ó exposto, propónse a desestimación deste motivo de impugnación.

En conclusión, a estimación parcial do recurso no senso expresado neste informe determinaría a alteración da puntuación total, que quedaría do seguinte xeito:

Puntuación criterios non avaliados automaticamente:

	ATL	CGI	GTT	UTE
Procedemento e método de execución dos traballos (ata 5 puntos)	4	5	5	2,5
Equipo humano (ata 15 puntos)	4,00	5,90	9,3	6,60
Medios materiais e relación dos equipos e aplicacións (ata 10 puntos)	7	7	8	5
Proposta Plan de Inspección (ata 5 puntos)	5	5	2	3
	20	22,9	24,3	17,1

E dado que os criterios avaliados automaticamente non varían a súa puntuación o resultado da clasificación das ofertas sería o seguinte, o que non variaría a adxudicación do contrato.



	Puntos criterios non avaliados automaticamente	Puntos criterios avaliados automaticamente	Total puntos
Asesoramiento Tributario Local	20,00	65,00	85,00
UTE AL Consultoría - Bonafide	17,10	65,00	82,10
Gestión Tributaria Territorial	24,30	56,21	80,51
Coordinadora de Gestión de Ingresos	22,90	55,38	78,28

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Negociado de Contratación e Patrimonio acorda:

- Estimar parcialmente o recurso presentado, unicamente na parte que se refire á valoración de D. Emilio Jesús Sancho Pérez e Dona Ana Isabel Santa Cecilia, en base ao informe transcrito.
- Desestimar o recurso de reposición presentado no resto dos apartados, e base ao informe transcrito anteriormente.

PRP2018/1497

Dáse conta da comunicación por parte da Empresa **Sistemas de Seguridade A1** da finalización do contrato de servizo de mantemento de seguridade e protección contra incendios, o día 31 de decembro de 2017 e indicando que seguirán prestando o servizo ata que entre o novo adxudicatario.

Dáse conta de informe do Negociado de Contratación e Patrimonio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Empresa Sistemas de Seguridade A1 que deberá presentar no Concello un orzamento polo período de 1 de xaneiro de 2018 ao 5 de xuño de 2018 co fin de proceder á súa valoración, e no seu caso, á adxudicación dun contrato menor polo importe correspondente.

PRP2018/1498

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de marzo de 2018, en relación coa solicitude de subvención para “Obras menores de reparación no edificio de Servizos Socio-Comunitario de O Ramal”, figurando no mesmo:

“2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.”

Debe dicir:

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo á convocatoria de subvencións para a rehabilitación e a sinalización do Patrimonio Histórico-Cultural, dirixidas a Concellos da Provincia de Pontevedra para o ano 2018, conforme ás bases publicadas no BOP nº 40, de data 26 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o erro indicado.

PRP2018/1500

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a “Modificación do trazado da rede xeral de abastecemento de auga en Rúa Padre Feijoo e entronques con Rúas Edelmiro Trillo e Arapiles, á Empresa **Espina & Delfín SL** por un importe total de 7.953,28 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.61900.

- Proxecto (2) 04/8/2014: 644,49 €
- Proxecto (2) 06/25/2016: 7.308,79 €



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/1501

Dáse conta das solicitudes de subvencións presentadas na Deputación, ao abeiro das bases reguladoras e Convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 3, do 4 de xaneiro de 2018, segundo a relación seguinte:

Denominación	Liña	Importe total investimentos	Solicitada Diputación 2018	Anualidade 2019	Achega municipal	Achega FEDER	Data XGL
Adquisición de finca para ampliación do Complexo Deportivo de Fontecarmoa	1	125.801,28 €	125.801,28 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	29.01.2018 Corrección erro XGL 05.03.2018
Reforma do graderío de preferencia no campo de fútbol de A Lomba	1	181.442,86 €	181.442,86 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	12.02.2018
Renovación de barandilla no entorno de Vista Alegre. Fase 2	1	101.500,00 €	50.750,00 €	50.750,00 €	0,00 €	0,00 €	02.04.2018
Reparación do campo de fútbol de Vilaxoán	1	216.630,74 €	216.630,74 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	19.03.2018
Substitución elementos de madeira en xardiñeiras-bancos de Rei Daviña	1	11.512,91 €	11.512,91 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	19.03.2018
Restauración de barandillas no entorno de Vista Alegre	1	13.975,67 €	13.975,67 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	19.03.2018
Servizo de mantemento de farolas e semáforos na concello de Vilagarcía de Arousa	2	34.690,70 €	34.690,70 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	26.03.2018
Instalación de parques caninos	1	47.797,31 €	47.797,31 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	26.03.2018
Camión con equipo aspirador-impulsor destinado á limpeza da rede de saneamento	1	104.901,00 €	104.901,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	02/04/2018



Subministro de 3 cadros de mando de alumeado público para as rúas Castelao, Romero Ortíz e praza de Galicia	1	25.453,56 €	25.453,56 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	02/04/2018
Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán	1	287.980,00 €	151.498,66 €	0,00 €	0,00 €	136.481,34 €	02/04/2018
Subministro dun desidratador de malas herbas mediante auga quente	1	29.324,35 €	29.324,35 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	02/04/2018
Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2018	2	35.695,00 €	35.695,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	12/03/2018
Limpeza escola municipal de música	2	9.500,00 €	9.500,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	26/02/2018
Gasto de limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música	2	18.181,00 €	18.181,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	19/02/2018
Contratación de 36 traballadores a tempo completo por un período de 9 meses	2	319.283,15 €	238.121,74 €	0,00 €	81.161,68 €	0,00 €	15/01/2018
Sensibilización formación en Igualdade e Recuperación persoal	2	12.000,00 €	10.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €	0,00 €	19/03/2018
Festival do Estío con Apego	2	16.822,99 €	14.000,00 €	0,00 €	2.822,99 €	0,00 €	26/06/2018
Proxecto Actívate	2	10.640,00 €	6.000,00 €	0,00 €	4.640,00 €	0,00 €	26/02/2018
Proxecto Contigo en Familia	2	14.410,00 €	13.000,00 €	0,00 €	1.140,00 €	0,00 €	05/03/2018
Prevención do ciberacoso e bó uso das TIC's	2	3.974,85 €	3.000,00 €	0,00 €	974,85 €	0,00 €	19/03/2018
Campamento de verán	2	4.500,00 €	4.500,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	12/03/2018
TOTAL		1.626.017,37 €	1.346.276,78 €	50.750,00 €	92.239,52 €	136.481,34 €	



		Importe total inversións	Solicitada Diputación 2018	Anualidade 2019	Achega municipal	Achega FEDER	
--	--	-----------------------------	----------------------------------	--------------------	---------------------	-----------------	--

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/1533

Dáse conta da factura remitida por **Quiron Prevención SLU** num F18000689, referida a “Facturación según contrato de servicios y/o actividades de prevención de riesgos laborales: cuota del 01/01/2018 al 31/12/2018”, por importe de 24.010,16 € (IVE incluído).

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos no que se indica que segundo o cálculo feito polo Concello, o prezo do contrato para o ano 2018 sería de 23.789,94 € (IVE engadido) en pago único (63,78 € traballador/ano) tendo en conta:

- Prezo individual aprobado para o ano 2017: 63,37 €
- IPC grupo 12 Outros bens e servizos, a decembro 2017: 0,7%
- Prezo individual para o ano 2018 (63,37 + 0,7%): 63,78 €
- Prezo total para o ano 2018 (373,00 x 63,78): 23.789,94 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o importe citado de 23.789,94 € para o ano 2018, debendo presentar Quirón Prevención SLU unha factura polo importe correcto.

ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

Tesourería

PRP2018/1512

Dáse conta da proposta da Concellería de Economía e Facenda en relación co procedemento de regularización catastral que está levando a cabo a Dirección Xeral do Catastro, e que afecta ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

Tendo coñecemento de que nun período aproximado de 7 días serán remitidas as notificacións do inicio do procedemento/proposta de regularización aos interesados, xunto ca liquidación da taxa de regularización catastral, con fin de facilitarlle aos cidadáns de Vilagarcía de Arousa calquera tipo de información ou aclaración sobre a notificación recibida ou sobre as alegacións que lles poidan interesar presentar, sen necesidade de que teñan que efectuar un desprazamento á Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra, propónse a contratación dunha empresa que preste dito servizo aos cidadáns.

Trátase dun procedemento extraordinario, e polo tanto puntual, para o que se considera que sería conveniente reforzar a atención ao público con profesionais expertos en materia catastral co fin de ofrecer un servizo eficaz e de calidade.

Considerando que a empresa Gabinete Cartotec S.L. (B70465984) foi a adxudicataria dos traballos de actualización do Catastro sobre inmobles urbano e construcións en solo rústico, e que está prestando os servizos de forma totalmente satisfactoria; á vista da proposta presentada o 17/09/2017, na que se contemplan os traballos a realizar en dous ámbitos: apoio ó Concello e atención ó público nas instalacións municipais do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a contratación dos servizos de atención ó público e información ó cidadán en relación co procedemento de regularización catastral, a **GABINETE CARTOTEC S.L.** nas condicións contempladas na súa proposta en relación co traballo a realizar, por un importe total estimado de 5.265,92 €, con cargo á partida 931.22799, e nos seguintes termos:

Prezo por técnico: 38,72 €/hora (IVE engadido)



Prazo: 4 semanas, tres días á semana (12 días en total)

Horario: Luns – maña: 10:00 a 14:00 h.

tarde: 15:30 a 19:30 h.

Martes - maña: 10:00 a 14:00 h.

Mércores - maña: 10:00 a 14:00 h.

Inicio previsto para a prestación do servizo: 16/04/2018

Considerando que por causas alleas ao Concello pode suceder que os interesados reciban as notificacións con posterioridade ao previsto, o prazo de inicio do contrato poderá ser obxecto de modificación, previo acordo entre as partes.

Tamén se poderá modificar, previa autorización da Concelleira de Facenda, e sempre que exista acordo por parte da empresa, o horario de atención ao público, en función da concorrencia de interesados, podendo ampliarse o reducirse o mesmo.

O custe estimado do contrato ascende a 5.265,92 €, considerando os seguintes días de prestación do servizo:

	Horario		Horas diarias	Nº técnicos	Custe/hora/técnico	Custe total/día
Luns	10:00 - 14:00	15:30 - 17:30	8	2	38,72	619,52
Martes	10:00 - 14:00		4	2	38,72	309,76
Mércores	10:00 - 14:00		4	2	38,72	309,76
Total semanal			16	2	38,72	1.239,04

Total contrato (12 días)	68	2	38,72	5.265,92
--------------------------	----	---	-------	----------

O contrato poderá ser obxecto de prórroga por un ou varios días en función da concorrencia dos interesados.

Calquera das modificacións previstas neste contrato que supoñan unha maior custe estarán suxeitas en todo caso ao límite do importe establecido para o contrato menor e a previa certificación de existencia de crédito.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.